

ACTA Nº 21/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 24 DE MAIO DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D.^a Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 24 de maio de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Non se presentan actas a aprobación.

2.- LICENZA DE OBRAS ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE. LICENZA DE APERTURA

EXPTE. 82/03 – D. FRANCISCO JOSÉ RÍOS DURÁN presenta proxecto de acondicionamento de local para Taller do automóbil, no baixo do edificio existente co nº 26 do barrio do Calvar – Domaio, redactado polo enxeñeiro industrial D. Salvador Alba Fernández, visado na data 24.04.2003.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 19 de maio de 2010, que literalmente di:

EXP. OBRAS:82/03
EXP. APERTURA:12/03
PETICIONARIO: FRANCISCO JOSÉ RÍOS DURÁN.
ASUNTO: LICENZA DE OBRAS E ACTIVIDADE PARA TALLER DE SERVIZO RÁPIDO DO AUTÓMOVIL. LICENZA DE APERTURA DA ACTIVIDADE EN FUNCIONAMENTO
SITUACIÓN: CALVAR, 26. DOMAIO.

INFORME:

Procede licenza de obras e actividade definida no **proxecto para taller de servizo rápido do automovil.**

Obras concluídas, actividade en funcionamento, procede licenza de apertura

Preséntase certificado final de obra do facultativo encargado da mesma.

No expediente consta visita de inspección do arquitecto técnico municipal e inspector de obras conforme existe adecuación da instalación o proxecto presentado.

No expediente consta acta de inspección acústica de entidade homologada.

O apartado 3 do artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais –Decreto de 17 de Xúño de 1955- especifica que con arreglo ao proxecto presentado, a edificación dun inmovible destinarase a establecemento de características determinadas, non se outorgará a licenza de obras sen o outorgamento da licenza de apertura se fose procedente.

Abondando na cuestión, o apartado 2 do artigo 196 da Lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e, ademais, licenza urbanística, serán obxecto dunha soa resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

Para ordenanza de usos das NN. SS de Planeamento Municipal que queda determinada na ubicación da instalación esta resulta compatible.

No expediente consta informe favorable do xefe local de Sanidade

No expediente consta dictame preceptivo da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible cualificándose a actividade como molesta s.c.d. e perigosa c.d., condiciona a súa instalación ao cumprimento do proxecto **a non superar os 80 dB(A), no interior do local que traballará con portas e fiestras pechadas e ventilación forzada. Instalará cámara separadora de graxas/hidrocarburos, previo entronque coa rede de sumidoiros. Cumprirá o disposto na normativa vixente en materia de contaminación acústica, e en particular a ordenanza de rúidos do Concello. Todo equipamento dotado de motor/es estará debidamente equilibrado estática e dinamicamente e en bo estado de conservación, e apoiarse sobre material absorbente/elástico que asegure a minimación do ruído e /ou as vibracións, e afastado das partes estruturais que poidan actuar como transmisores de ruído e/ou vibracións. O equipamento de ventilación/climatización contará con illamento acústico e localizaranse alonxados dos ocos e/ou ventás de vivendas próximas. Xestionará todos os residuos xerados pola actividade, segundo sexa a súa tipoloxía, con xestores autorizados conforme o disposto na normativa vixente: Acollerase ao sistema de xestión integrada SIGNUS para os pneumáticos usados. Vixiarase especialmente, que as condicións de almacenamento e os prazos de entrega a xestor, dos residuos perigosos, sexan os que se recollen na normativa vixente.**

Atendendo o disposto no artigo 34 do RAMNIP o Concello inspeccionará as instalacións antes da súa posta en funcionamento.

Dado a existencia de informes sectoriais doutras administracións concorrentes no espazo do expediente de actividade e sendo que a proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade clasificada ou de apertura ten prioridade sobre a correspondente licenza urbanística, resolta a tramitación da actividade deste expediente débese outorgar licenza conxuntamente coa licenza urbanística de obras. Concluídas e inspeccionadas as mesmas, **procede igualmente o outorgamento da licenza de apertura para o seu funcionamento.**

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	1.808,61 €
Taxas licenza urbanística.....	180,86 €

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 18 de maio de 2010, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **TALLER DE SERVIZO RÁPIDO DO AUTOMÓBIL** cuxo titular resulta ser **D. FRANCISCO JAVIER RÍOS DURÁN**, a cal declara a execución das obras de acordo coa solicitude de licenza urbanística de obras e actividade (Expediente 82/2003), o Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

PRIMEIRO: Outorgar licenza de actividade que solicita **D. FRANCISCO JAVIER RÍOS DURÁN** para a actividade de **TALLER DE SERVIZO RÁPIDO DO AUTOMÓBIL**.

SEGUNDO: Outorgar a licenza urbanística para as obras de “**ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA TALLER DO AUTOMÓBIL**”. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbase a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

TERCERO.- Conceder a **D. FRANCISCO JAVIER RÍOS DURÁN**, licenza de apertura para establecemento destinado a **TALLER DE SERVIZO RÁPIDO DO AUTOMÓBIL** no local situado na rúa Calvar, 26 Domaio, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, **previo pagamento das taxas que lle corresponda**.

3.- APERTURAS

3.A) EXPTE. 14/10 – D.^a CÁNDIDA PIDRE PÉREZ solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do concello o día 9 de abril de 2010, licenza de apertura para establecer un local destinado a venda, polo miúdo, de plantas e complementos de xardinería, na Xunqueira, nº 5 baixo,.

Visto o informe do aparelador municipal do 20 de maio de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: COMERCIO A POR MIUDO DE PLANTAS E COMPLEMENTOS DE XARDINERÍA

INFORME: **Procede licenza de apertura e funcionamento da actividade non clasificada.**

Non require licenza urbanística por non acometerse obras.

Require informes sectoriais.

No expediente consta informe do Servicio de Costas (R.S. 92/933 de 3/05/2010) que manifesta a non existencia de inconvinte para o cambio de actividade debendo o peticionario cumprir os condicionados que se manifestan na autorización

Atendendo o disposto no Artigo 194.2 da LOUGA sométese a licenza o presente acto por constituir un uso do solo.

O presente uso que determina a actividade de **comercio polo miúdo de plantas e complementos de xardinería** resulta compatible co planemento urbanístico dadas a clasificación de usos zonais e as características da actividade proposta; o local, atendendo o disposto no artigo 22.2 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, unha vez verificada polo técnico que subscribe, cumpre coas condicións de tranquilidade, seguridade e salubridade que quedan de manifesto na documentación técnica presentada e na inspección efectuada polo Arquitecto técnico municipal e Inspector de obras.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo co informe do aparelador municipal, acorda conceder a **CÁNDIDA PIDRE PÉREZ** licenza para a implantación da actividade de COMERCIO POLO MIÚDO DE PLANTAS E COMPLEMENTOS DE XARDINERÍA no local situado na Xunqueira, 5, (edificio Arenas), ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

3.B) EXPTE. 42/08 – MONTAJES CANCELAS, S.L. solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do concello o día 1 de setembro de 2008, licenza de apertura para a actividade de CONSTRUCCIÓN E REPARACIÓNS DE EMBARCACIÓNS, na Borna - Meira.

Visto o informe do aparelador municipal do 21 de maio de 2010, que literalmente di:

EXPEDIENTE DE APERTURA: 42/08

PETICIONARIO: MONTAJES CANCELAS, S.L.

ASUNTO: LICENZA DE APERTURA PARA O FUNCIONAMENTO E A LEGALIZACIÓN DUNHA ACTIVIDADE CON DESTINO A TALLER PARA CONSTRUCCIÓN E REPARACIÓN DE EMBARCACIÓNS.

SITUACIÓN: A BORNA.MEIRA.

INFORME:

Procede licenza de apertura para o funcionamento e a legalización dunha actividade con destino a taller para construción e reparación de embarcacións, toda vez que a licenza urbanística de obra xa fóra outorgada por resolución do Concello de Moaña con data de 09/12/2007; quedan resoltas e inclúese no expediente os condicionados impostos polas medidas correctoras, a vez que a instalación resulta inspeccionada polo Arquitecto Técnico municipal e Inspector de obras logo do dictame emitido polo Departamento territorial do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e infraestruturas que se transcribe:

“Asunto: dictame de incidencia ambiental ao abeiro de Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a aaliacion de incidencia ambiental.

ANTECEDENTES

Con data 04 de marzo de 2010 (IA-0033-2010), recibese por parte do concello de Moaña solicitude de emisión do dictame de incidencia ambiental para a actividade de construcion e reparación de embarcacións iniciado a instancia de Montajes Cancelas, s.L.

O decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental establece que estarán sometidas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental os proxectos, obras ou instalacións, así como o seu traslado ou modificacións substanciais, contemplados no anexo I do Decreto e que tamen estaran sometidos ao procedemento de avaliación aquelas outras actividades non contempladas en dito anexo que merezan a consideración de molestas insalubres, nocivas ou perigosas de acordo coas defivicions contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, nestas a decisión será motivada e adoptarse acorde cos criterios obxectivos que se dererminan no Anexo II do Decreto.

A actividade ovxecto do informe esta encluida no anexo I, no apartado 1.10.3 do decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliacion de inicencia ambiental.

INFORME

Da análise da documentación presentada, proxecto vidado polo Colexio Oficial de enxeñeiros de Camiños, canles e portos de Galicia con nº de visado 24740 de data de 26 de agosto de 2008 de data de 26 de agosto de 2008 e aneo con nº de visado 24740 de data 12 de novembro de 2009, e da información dispoñible, e baseándose so artigo 11 do mencionddo deceto 133/2008, este servizo de calidade avaliacion ambiental no ambito da sas compwrencias e so a efectos ambientais e rendo en conta aos efectos de amision dese dictamen o bloque da legalidade aplicabele a actividade que se trata, e en especial oo disposto na Lei 9/2002 de ordenacion urbanistica e proteccion do medio rural, na súa redaccion vixebnte dacorod co disposto pol aLei 2/2010 de 25 de marzo, de modificación daquela, en especial a Disposicion Transitoria decimo primeira, na súa redaccion actual, así como a nova Disposicion transitria terceira, e habida conta das certificacións municipais aportadas sobre concesion de licenza e antiguedade no desenrolo da actividade, sen proxuizo doutras autorizaciona/premisos/licenzss, ou actuacións procedentes, nas que o seu outorgamento corresponda a outros organismos/administracions e das competencias a eles atribuidas informa:

a/ descripción da instalaion: construcion e reparacion de embarcaciones de aceiro. Asi coma a fabricacion de grandes estruturas de aceiro (bloques) que una vez terminados trasladanse por mar aos distintos estaleiros etc. etc. segundo proxectos presentado.

Os procesos son: O proceso de producion a grandes rascos, podese dividir na seguintes fases: deseño de proxecto, recorte de pezas, construcion de bloques, montaxe, verificacion e entrega final, etc. etc, segundo proxecto persentado.

Os quipos principaaais son: Oxicorte automatico, cilindro de curvar, curvadora de perfils, taladro de columna cizalla hidraulica, aplegadora hudraulica, taladro verical, ponte grua ponte rorre, etc. etc, segndo procecto presintado.

Materias primas utilizadas: chapas de aceiro 767330 Kilos/ano: perfils de aceiro 297364 Kilos/ano; tubaria de aceiro 18375 Kilos/ano 16015m/ano, etc. etc, segundo proxecto presentado.
Consumo de recursos enerxíticos: 149273 Kw*h/ano, segundo proxecto presentado. Consumo de auga: 406m/ano, segundo proxecto presentado.

Productos finais: Buques de pesca, remolcadores, buques de servizo portuario, buques de servizo portuario, buques especiais de acuicultura, construcion de bloques para ensamblar noutros estaleiros, etc. segundo proceto presentado.

B/ vertidos e emisions:

Emisions a atmosfera.

Non se produce ningún tipo de emision a atmósfera, segundo proxecto presentado.

Augas residuais das instalacións:

Augas residuais pluviais das instalacións: son recollidas mediante rede separada de augas pluviais e conducidas a rede de augas pluviais do concello, segundo proxecto presentado.

Auga residuais fecais das instalacións: son conducidas mediante rede separada de augas fecais e conducida a rede de augas residuais do concello, segundo proxecto presentado.

Augas residuais de limpeza da industria: xeradas nas instalacións son conducidas a un desareador-desengrasador e logo a un separador de hidrocarburos para logo parar a rede de saneamento do concello, segundo proxecto presentado.

O desareador- desengrasadro funciona a partires da diferenza de peso especifico entre a auga e as grasas e da forza de gravidade dos solidos, o modelo elixido é un de 3000 litros de capacidade, modelo DESG 12 da casa REMOSA ou sililar, toda elo segundo proxecto presentado.

O reparador de hidroucarburos funciona a partires da direnza de peso especifico entre a auga e os hidrocarburos, o modelo elixido é un de 3000 litros de capacidade clase I, modelo SCH 15 da casa REMOSA ou similar, todo elo segundo proxecto presentado.

C/ tecnicas de minimizacion na producion de residuos e as medidas relativas a súa xestion:

Todo los residuos xerados pola actividade xestionaranse con xestores autorizados, segundo a sua tipoloxia de acordo coa normativa vixente. Segregacion axeitada dos residuos. Evitar particularmente es mesturas que supoñan un aumento da sua perigosidade ou que dificulten a sua xestion posterior. Envasado e etiquetado, de acorto coa lexislacion vixente. Almacenamento dos residuos en condicions axeitadas de seguridade, tanto para as persoas como para o medio amgiente. Realizarase un correcto mantemento da maquinaria que conduza a unha menor produción de residuos e prolonga a vida útil da mesma.

d/valores límite de minison:

Orixe do verquido:

Augas residuais fecais: segundo proxecto presentado.

Augas residuais de limpeza da industria: segundo proxecto presentado.

Valores limite do verquido: Ph 6-10:Solids en suspension 500mg/l. DB05 1000 mg/l. Dqmg/l.

Temperatura 40° C. Consdutividad electica (25° C) 5000 microS/cm. Fosforo total 50.0 mg/l. Nitroxeno amoniacal 85,0 mg/l. Aceites e graxas 150. mg/l, etc, etc, ou o que estableza organismo competente na materia.

e/tecnicas de medida , control e avaliacion das emisions e verquidos, frecuencia das medicións:

A saída do sistema de depuración de augas residuais industriais, asi como previo aos puntos de verquidos de augas residuais pluviais, disporase de arquetas para o control dos verquidos, con acceso directo para a sua inspección por parte da administración.

Incidencias ocorridas. Calquera incidente sera comunicado no momento de producirse, por escrito aos organismos competentes na materia.

A empresa realizara un comtreo l dos seguintes parametnros: pH, Solidos en suspension, DB05, DQ0, aceites e graxas, para o control das augas residuais industriais polo menos unha vez ao ano ou o que estableza o organismo competente na materia.

A empresa realizara o control, mantemento, limpeza, retirada de residuos do desareador-desengrasador e do separador de hidrocarburos, polo menos unha vez cada seis meses, ou na frecuencia que estableza o organismo competente na materia.

A Administracion poderá inspeccionar as obras e instalacións, sendo por conta do autorizado os gastos que por tal motivo se ocasionen.

Asi mesmo. A empresa d esgnara a un responsable tecnico da instalacion.

F/ medidas correctoras:

Previa a concesión da licenza de actividade definitiva, a empresa contará coas autorizacións sectorias e rexistros pertinentes. Traballará coas portas e fiestras pechadas. Tódolos residuos xerados pola actividade xestionaranse con xestores autorizados, segun a súa tipoloxia, e de acordo coa nomativa vixente. A traballar coas portas e fiestras pechadas e ventilación forzada. Cumprimento da normativa vixente en materia de contaminación acústica, e en particular a ordenanza de rúidos do Concello de Moaña.

PROPOSTA:

Emitir dictame de incidencia ambiental nos termos que se recollen no informe elaborado polo servizo de calidade e avaliacion Ambiental de Pontevedra, anteriormente exposto.”

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 19 de maio de 2010, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **TALLER DE CONSTRUCCIÓN E REPARACIÓN DE EMBARCACIÓNS** cuxo titular resulta ser **MONTAJES CANCELAS, S.L.** a cal declara a execución das obras de acordo coa solicitude de licenza de actividade (Expediente 42/2008), o Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 7.800 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo co informe do aparellador municipal, acorda conceder a **MONTAJES CANCELAS, S.L. licenza de apertura para o funcionamento** e a legalización dunha actividade con destino a taller para construción e reparación de embarcacións, na Borna – Meira, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de

conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

4.- OBRAS MENORES

Visto o expediente instruído a instancia do interesado que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza solicitada, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

EXPTE. 63/10 - D. JOSÉ BARREIRO SANTOMÉ solicita licenza municipal de obras para construír un pozo de auga potable, no lugar de Casanova do barrio do Cruceiro – San Martiño, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 20 de maio de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: POZO DE AUGA

INFORME: **Procede licenza de acordo coa documentación presentada.**

Require informes sectoriais.

Conta con autorización de Augas de Galicia a cuxos condicionados debe someterse.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 28,14 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

5.- PROPOSTAS DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 e outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a proposta de gasto que se detalla de seguido,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
SERVIZOS	Arranxo vehículos de servizos	CHAPELA FERVENZA, JOSÉ	1550-21400 RC 889	2.200,52€
CULTURA	Folletos publicitarios	KOPIAK MOAÑA, S.L.	3340-22602 RC 887	90,00 €
DEPORTES	Adquisición de trofeos para actividades deportivas	MAIKEL & BEST: Israel Juncal Barros	3410-22601 RC 886	1.437,24 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado polas retencións de crédito que para eses gastos se efectuaron nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

6.- APOIO A UNHA INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO: *CENTRO DE ATENCIÓN TEMPERÁ, S.L.*

Vista a solicitude de D.^a Emma Martínez Ovín para que o Concello lle preste apoio ao seu proxecto empresarial “Centro de atención temperá, S.L.” para que poida ser cualificado e subvencionado como Iniciativa Local de Emprego pola Consellería de Traballo e Benestar,

Visto informe da técnica local de emprego do día 20 de maio de 2010, que di:

A axente de emprego atópase actualmente prestando asesoramento técnico a dúas mozas que desexan crear unha empresa en Moaña dedicada á atención temperá para nenos con trastornos do desenvolvemento ou discapacidade. Na nova empresa trataranse, entre outros, trastornos xeneralizados do desenvolvemento e trastornos de conduta dos menores.

As promotoras deste proxecto son:

–Emma Martínez Ovín. D.N.I.: 39451645-K

–Esther Medraño González. D.N.I.: 47770857-H

A fórmula xurídica elixida para a posta en marcha da empresa é sociedade limitada. O nome provisional da nova empresa é “Centro de atención temperá S.L.” En canto á sede social as promotoras atópanse neste momentos buscando un local axeitado.

Para o financiamento inicial do seu proxecto empresarial as emprendedoras intentan acollerse a unha subvención á creación de empresas que ofrece a Consellería de Traballo e Benestar denominada “**Iniciativas Locais de Emprego**”. Trátase dun programa que subvenciona a fondo perdido proxectos empresariais que cumpran cos seguintes requisitos:

1º) Que se trate de proxectos empresariais innovadores ou que cubran necesidades non satisfeitas na estrutura económica existente na zona.

Este proxecto empresarial é innovador, xa que aínda que en Moaña existen xa varios profesionais da psicoloxía infantil, os terapeutas non se desprazan nos seus servizos a domicilios e contornas externas (colexios, parques...) como si sucede na nova empresa, que pretende ofertar deste modo unha análise integral e estratexia integral posterior de tratamento dos problemas do menor.

2º) Que se trate dun proxecto empresarial xerador de emprego que desenvolva a súa actividade no ámbito local ou rural e que resulte viable dende o punto de vista técnico, económico e financeiro.

Este proxecto xerará dende o primeiro momento 2 postos de traballo estables no Concello de Moaña, e segundo o plan de empresa elaborado pola consultora “Mas Método” en colaboración coas promotoras, e que foi analizado pola técnica de emprego, pode resultar viable dende o punto de vista técnico, económico e financeiro.

3º) Que o proxecto empresarial estea apoiado por unha administración local de carácter territorial.

Este é o último requisito que ten que cumprir o proxecto para poder ser cualificado como Iniciativa Local de Emprego. O apoio do concello, debería implicar unha certa axuda económica por pequena que esta sexa, así como unha serie de pequenas medidas complementarias de apoio.

Vista a proposta da Alcaldía do 20 de maio de 2010, que textualmente di:

Á vista do informe emitido pola axente de emprego e do contido da Orde do 12 de Xaneiro de 2000 da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, pola que se regulan as iniciativas de emprego e as súas clases, faise necesario acordar o apoio do Concello de Moaña ao proxecto empresarial “Centro de atención temperá S.L.” para que poida ser cualificado como Iniciativa Local de Emprego.

En vista do anterior

PROPOÑO:

1º) Que o Concello de Moaña apoie este proxecto empresarial “Centro de atención temperá S.L.” promovido por:

–Emma Martínez Ovín. D.N.I.: 39451645-K

–Esther Medraño González. D.N.I.: 47770857-H

O apoio do Concello implicará as seguintes medidas:

a) Axuda económica por un total de 120 euros, destinada a financiar en parte os gastos iniciais de publicidade da empresa.

b) Asesoramento e acompañamento técnico por parte da Axente de Emprego do Concello de Moaña durante os trámites de creación da empresa e o primeiro ano de funcionamento.

c) Gratuidade do servizo de fotocopias para tódolos trámites de posta en marcha.

En todo caso o apoio do Concello de Moaña, queda condicionado ao feito de que este proxecto empresarial sexa cualificado como I.L.E. pola Xunta de Galicia.

A primeira medida de apoio do Concello (axuda económica de 120 euros) aplicarase unha vez que a empresa estea cualificada como ILE e constituída legalmente, feito que as promotoras deberán demostrar mediante a presentación de copias compulsadas da resolución de cualificación como Iniciativa Local de Emprego, altas na Seguridade Social dos promotores e alta no Imposto de Actividades Económicas da empresa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus xustos termos.

7.- APERTURA DA PROPOSICIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O ARRENDAMENTO, MEDIANTE ADXUDICACIÓN DIRECTA, DE DUN LOCAL DESTINADO A CENTRO DE FISIOTERAPIA E ODONTOLOXÍA.

Examinado o expediente para a contratación por adxudicación directa, iniciado por providencia da Alcaldía de data 16 de febreiro de 2010 para o arrendamento dun local destinado a centro de fisioterapia e odontoloxía, e que conta cun importe total por todas as anualidades do arrendamento, de CENTO CINCOENTA E SEIS MIL EUROS (156.000,00 €), IVE incluído.

En data 26 de abril de 2010 a Xunta de Goberno acordou aprobar o expediente de contratación, mediante adxudicación directa, para o arrendamento dunha superficie de 240 m² ubicada na rúa Rúa Donato Bernárdez s/n de este Concello, pertencente a PROMOCIONES SOUTO Y GONZÁLEZ S.L. para destinalo a centro de fisioterapia e odontoloxía, co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán o arrendamento do inmovible e acordando ofertar ao propietario do inmovible en cuestión o seu arrendamento a título oneroso polo Concello, debendo deixar constancia no expediente da invitación cursada e das razóns da súa aceptación ou rexeitamento e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

En data 4 de maio de 2010, se remite ao propietario do inmovible invitación para presentar oferta, concedéndolle un prazo de dez días dende a recepción da invitación para a presentación da oferta. Nesa mesma data o propietario recibe a invitación.

En data 13 de maio do 2010 o propietario presenta oferta ante o Concello para o aluguer do local da súa propiedade.

De conformidade co previsto na cláusula decimo primeira dos pregos de cláusulas administrativas particulares a Secretaría do Concello, unha vez recibida a documentación relativa á proposición presentada procedeu á valoración da documentación xeral contida no sobre A, entendendo como completa a documentación remitida.

Trasladada a citada documentación á Xunta de Goberno, xunto cos sobres B e C, pola mesma se acorda a admisión da oferta presentada.

Seguidamente se procede á apertura dos sobres B e C correspondentes á oferta económica e requisitos técnicos, dando lectura o Secretario ao contido da oferta económica e á relación de documentos aportados. A oferta económica se presenta nos seguintes termos:

“ANEXO I

OFERTA

D. José Luís Álvarez Souto con domicilio en Moaña, provincia de PONTEVEDRA rúa RAMÓN CABANILLAS número 183 en representación de PROMOCIONES SOUTO

Y GONZÁLEZ S.L., con C.I.F. B 36167924 e domicilio fiscal en MOAÑA RÚA DONATO BERNÁRDEZ SOTELO, 3-ENTRESUELO LOCAL H. recibida invitación referente á convocatoria para o arrendamento dun local para a ubicación dun Centro de Fisioterapia e Odontoloxía en Moaña, así como das condicións e requisitos que se exigen para a adxudicación do contrato, comprométese en nome de PROMOCIONES SOUTO Y GONZÁLEZ S.L. a tomar ao seu cargo dito contrato, con estrita suxección aos expresados requisitos e condicións, segundo os termos expresados na presente oferta:

UBICACIÓN DO LOCAL: RÚA DONATO BERNÁRDEZ SOTELO, 3-PLANTA BAIXA; URBANIZACIÓN O ROSAL (MOAÑA-PONTEVEDRA).

M² ÚTILES: 240 (DOUSCENTOS CORENTA).

PREZO ANUAL/M² ÚTILES: 130,00 €/M² ÚTIL (CENTO TRINTA EUROS ANUAIS/ M²ÚTIL).

Ademais ofrezco as seguintes condicións de contrato:

1.- Acondicionamento: DE ACORDO CO CADRO DE CARACTERÍSTICAS RECOLLIDO NO PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS E PROXECTO REDACTADO POLO ARQUITECTO D. GUMERSINDO FERROL PICHEL.

2.- Prazo de de entrega: NOVENTA DÍAS.

O licitador fai constar que a oferta presentada comprende non só o prezo da contrata como tal, senón tamén o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, de acordo coa súa normativa reguladora.”

Igualmente, e dentro do sobre C aporta:

Plano de situación da finca, plano do local acotado con expresión dos m² útiles (incluído no proxecto de acondicionamento, memoria fotográfica ilustrativa das condicións actuais do local, certificación rexistral relativas ao local, acreditativas de acharse libre de cargas e gravames, proxecto de acondicionamento do local e compromiso por escrito de que as obras de acondicionamento necesarias se executarán no prazo máximo de noventa días a partir da obtención da licenza municipal correspondente.

Finalmente, a Xunta de Goberno acorda remitir a citada documentación a fiscalización e informe da Intervención Municipal, con carácter previo á súa adxudicación.

8.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE DOMAIO (MOAÑA)”

